

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 4 DE FEBREIRO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

1066/07.- Comunidade de Propietarios da Rúa Mallou núm.64.- Instalación de ascensor na R/ds Mallou núm.64.-

1161/05.- Cogami Reciclaxe de Galicia, S.L.- Apertura (Lap/223/05) e construción de nave para tratamento de residuos no SUNP-37, parcelas 122,123, 124 e 125.

PRÓRROGA.-

1439/07.- Esther Carril Barcia, representada por Clementina Barcia Blanco.-Rehabilitación edificio sito na Rúa do Franco núm.4. (-)-

APERTURAS.-

Lap/478/06.- Mª Pilar Fuentes Boado.- Cafetería restaurante na R/ Raxeira núm.50.-

3.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Denégase unha axuda.

4 a 204.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

205.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa á rectificación de erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2007.

Rectifícase o erro.

206.- Ampliación prazo execución de contrato de obras.

Acórdase a ampliación do prazo de execución das obras de reurbanización da rúa Berlín, adxudicadas á empresa AQUAGEST, SA en 75 días debido á solicitude realizada pola xunta de compensación do polígono 4 de Fontiñas para executar as obras de telecomunicacións no mesmo tempo que as de reurbanización.

207.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de Organización do "Outlet Compostela 2008".

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo máximo de licitación de 32.000 euros.

208.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación das bases e convocatoria do concurso de ideas sobre a corresponsabilidade familiar na realización das tarefas domésticas.

Apróbanse as devanditas bases do concurso, que está dirixido ao alumnado do 1º ciclo da ESO. Os alumnos deberán facer un cartel, a presentar antes do 4 de abril. O traballo gañador será a imaxe dunha campaña de sensibilización e concienciación que realizará o Concello, coa financiación da Deputación.

209.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á aprobación dos gastos de mantemento das instalacións deportivas.

Apróbase un orzamento de 18.000 euros en concepto de gastos de mantemento de instalacións deportivas.

210.- Proposta da concelleira delegada de Política Lingüística relativa ao inicio do expediente de contratación da campaña "Namórate da lingua, namórate en galego".

Apróbase o inicio do expediente de contratación para a devandita campaña por un importe total de 27.042 euros.

211.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa a aprobación da realización da actividade "Execución premios concurso de escapatismo edición Nadal".

Apróbase a execución dos premios correspondentes aos gañadores da edición de Nadal do Concurso de Escapatismo 2007 cun orzamento de 14.392 euros.

212.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa a planificación de actividades da Rede de Cooperación Local para o ano 2008.

Apróbanse as actividades programadas e un orzamento de 30.000 euros.

213.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa a aprobación do programa "III gala do comercio Compostela Capital de Compras 2008".

Apróbase a realización do programa, das bases que han de rexer a selección dos homenaxeados na Gala e un orzamento de 37.495 euros.

214.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude do Concello á Consellería do Medio Rural da cesión das masas comúns números 1427 e 1428 da concentración parcelaria de Sabugueira-Carballal.

Solicítase a cesión para que as devanditas masas sexan destinadas á utilización colectiva dos veciños do lugar, entre elas para celebrar romarías, festas e outras manifestacións da cultura popular.

215.- Dar conta da concesión de subvencións da Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas para a posta en marcha do proxecto Compostela Inserta.

Dáse conta da axuda por un importe de 66.500 euros.

URXENCIAS

1.- Acórdase solicitar, por parte da UMAD, o programa europeo "Mírate: os/as pais/nais ante situacións que xeran violencia". A cantidade a solicitar é de 17.000 euros.

2.- Acórdase solicitar ao IGAEM unha subvención por valor de 8.680 euros para completar o equipamento de iluminación do Teatro Principal e adquirir un chan negro de PVC. A subvención correspóndese co 60% do orzamento total: 14.468,13 euros.